

Traballo semanal 27 a 30 de abril.

Esta semana as propostas son as seguintes:

1. Lectura .

Aquí atoparedes libros en galego

<https://www.calameo.com/books/0050916003eebef782e6c>

Mando un audio dun conto en galego para facer as seguintes actividades:

- escribir os nomes dos nenos.
- escribir os nomes das árbores e da ave que chegou dun bosque próximo.
- escribir nomes de froitas zumentas.
- explicar como se sentiu o carballo ao final e escribir dúas oracións.
- facer un debuxo das árbores e do moucho.

2. Escribir unha carta aos vosos compañeiros/as de 1º A.

Despois de poñer lugar, data e saúdo, no texto podedes contar os contos que ledes, como participades con Veleiriña, os debuxos e poemas realizados... pensade sobre todo en cousas positivas e despois facedes un debuxo ben bonito, para ver cando nos xuntemos na clase. Rematades coa despedida e sinatura. Envío un modelo que vos pode servir de axuda.

3. Ampliar o noso vocabulario de galego. Continuar o que facíamos na clase cando aparecían palabras que nos gustaban ou non coñeciamos todos: nun cuarto de folio escribir a palabra en grande, rotular e facer un debuxo ben bonito.

Algunhas das últimas que viramos eran trade, trevo, lontra e buguina.

Estou segura que estades coñecendo novas palabras que vos gustará compartir cos demais.

4. En matemáticas practicar co material manipulativo de Santillana que tedes :

- pezas troqueladas para traballar unidades e decenas (podedes formar a data dos días da semana, o número de portal ou vivenda , a idade dos familiares, ...)
- co xogo de números, formar un número de dúas cifras e a partir del, sumar de 2 en 2 (ata 10 veces), formar outro número de dúas cifras e a partir del, restar de 2 en 2. Para a seguinte vez ir avanzando ou retrocedendo de 3 en 3.
- utilizar o tangram de 7 pezas .
- usar os modelos para operación de suma e resta.
- montar os reloxos de agullas e dixital.

5. Para plástica :Fichas que mando (podedes colorear ou facer debuxos parecidos).
- traballo de simetría (xa empezamos a traballar na clase)
  - facer unha árbore xenealóxica parecida ao modelo que vos envío ou cubrir esa da seguinte maneira (no recadro inferior do cartel poñendo familia de : nome do alumno/a. No 1º globo, o voso nome e o de irmás ou irmáns, enriba o nome de pai e nai, deixando a parte superior para os vosos avós e avoas).Poñedes unha cor de fondo suave para que quede ben bonito.

Boa semana!

Inma.